

## **AE627 Enquisa sobre a percepción da competencia en Galicia**

### **METODOLOXÍA**

#### **1. Obxectivos e utilidades**

A constitución garante, a través do artigo 38, a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado; e a garantía e protección da mesma polos poderes públicos. Un dos trazos máis característicos da economía de mercado é a libre competencia entre as empresas, que garante unha eficiencia produtiva reasignando recursos aos axentes e procesos máis produtivos. Isto leva un maior nivel de benestar para a sociedade no seu conxunto. Ademais dunha mellora para os consumidores, por medio de menores prezos, ou de maior variedade e calidade dos produtos.

O sistema de defensa da Competencia en España é descentralizado, contando cun organismo de ámbito estatal para a defensa da competencia no conxunto do estado. Pero, tamén conta con organismos en comunidades autónomas con competencias en defensa da competencia en casos de ámbito local e rexional.

A realización desta enquisa é o resultado da cooperación do Instituto Galego de Estatística (IGE) e do Consello Galego da Competencia (CGC), órgano encargado na Comunidade Autónoma de Galicia de investigar e perseguir as condutas prohibidas que restrinxen a libre competencia.

O obxectivo da enquisa é coñecer a importancia que as empresas, a través dos seus responsables, danlle á libre competencia empresarial para o bo funcionamento da economía. Ademais, búscase coñecer cantos deles observaron algún tipo de conduta prohibida ou abusiva que busque restrinxir a competencia mediante condutas colusorias ou de posición dominante.

#### **2. Ámbito de investigación e unidades**

A enquisa está dirixida a empresas con sede social en Galicia e personalidade xurídica (sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, sociedades colectivas, sociedades comanditarias, comunidades de bens e sociedades cooperativas). En concreto a

información solicítase dos xerentes das empresas ou, na súa falta, do xefe de compras ou outro persoal directivo que coñeza a realidade da empresa na súa relación con provedores e outras empresas do sector.

Os anos impares estará dirixida a empresas cuxa actividade principal sexa comercial, pola súa especial importancia no estudo da competencia, e por ser o último elo da cadea produtiva antes de alcanzar ao consumidor final. As empresas comerciais son aquelas integradas nas divisións 45, 46 e 47 da CNAE-2009.

Os anos pares a enquisa investigará aquelas empresas con actividades principais que o IGE e o CGC consideren máis relevantes, de acordo co resto de actividades despregadas polo propio CGC; e a información estatística e económica da economía galega e do sector empresarial dispoñible.

Respecto ao ámbito temporal, as preguntas fan referencia á realidade económica observada no momento de realización da enquisa. Con todo, nas preguntas sobre se o enquisado viviu algunha situación que coarte a competencia, a referencia temporal é o último ano desde o momento da entrevista. Na medida do posible, a enquisa realizarase no primeiro trimestre de cada ano.

O marco da enquisa procede do Directorio de empresas e unidades locais do IGE.

### 3. Definicións

**Empresa:** Combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúe unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que goza dunha certa autonomía de decisión.

**Actividade económica:** É a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos, intervindo o traballo, o capital e as materias primas.

**Actividade principal:** É aquela que xera maior valor engadido. Se non se dispón desta información, considerarase aquela que proporcione maior valor de produción, ou na súa falta, a que empregue maior número de persoas ocupadas.

**Competencia:** Situación na que os axentes económicos (empresas e consumidores) teñen unha efectiva liberdade, tanto de ofrecer bens e servizos como de elixir a quen e en que condicións adquirenos.

**Defensa da competencia:** Conxunto de actuacións levadas a cabo polas autoridades da competencia co fin de perseguir as condutas restritivas da competencia e restablecer a libre competencia nos mercados.

**Conduta colusoria:** Acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia dun mercado.

**Posición dominante:** Situación na que unha empresa ten a posibilidade de desenvolver un comportamento relativamente independente que lle permita actuar no mercado sen ter en conta aos provedores, clientes ou consumidores ou aos competidores.

#### **4. Deseño de mostraxe e procedemento de estimación**

A extracción da mostra realízase mediante mostraxe aleatoria simple. As respostas posibles son en todos os casos categóricas. O tamaño da mostraxe fíxase para que o erro nunha variable binomial, na situación de máxima varianza  $p = q$ , sexa menor do 5% para un nivel de confianza do 95%. Como mínimo se enquisa en cada edición a 400 empresas.

O obxectivo da enquisa é estimar a porcentaxe de empresas segundo as categorías de resposta para o conxunto de actividades principais estudadas en cada edición.

Por iso, a estimación para cada categoría de resposta realízase como a frecuencia relativa da mostraxe (en tantos por cen) da propia resposta.

#### **5. Recollida de información e tratamento de datos**

A información dos cuestionarios realízase mediante entrevista telefónica asistida por computador (CATI). Emprégase para esta tarefa unha aplicación programada especificamente para a enquisa que permite xestionar automaticamente as substitucións realizadas por defecto do marco (empresas mal clasificadas na súa actividade principal ou empresas xa pechadas), por ser imposible conseguir un teléfono de contacto ou por negativa.

Nos casos en que se solicite, facilitámoslles o cuestionario, por correo electrónico ou fax, e os enquisados entrégano posteriormente, tamén por correo electrónico ou fax. En todos estes casos ten que haber unha entrevista telefónica previa na que se garante que a empresa está correctamente asignada no marco e explícaselle en que consiste a enquisa e quen está autorizado a contestala. Nas primeiras edicións esta modalidade é solicitada por un número moi reducido de enquisados.

A aplicación garda automaticamente as respostas nun xestor de bases de datos que facilita as copias de seguridade da información e a explotación da mesma.

## **6. Presentación de resultados**

O IGE publicará na súa páxina web os resultados, o mesmo ano de realización da enquisa.

A primeira edición da enquisa realizouse no último trimestre do ano e os seus resultados publicáronse simultaneamente coa segunda edición.

## **Anexos**

### **Anexo I: Descrición de actividades principais investigadas nos anos pares.**

Os anos pares a enquisa investigará as actividades principais que o IGE e o CGC consideren relevantes en cada caso. Neste anexo detállase a decisión tomada sobre que actividades serán investigadas nos anos pares:

- Ano 2016. A enquisa vai dirixida a empresas industriais (seccións B, C, D e E, ou divisións 05-33 y 35-39 da CNAE-2009) con personalidade xurídica e sede social en Galicia.